

INFORME DE RESULTADOS

Enquisas de avaliación do **Itinerario
formativo** virtual de xénero (10.^a
edición)

Unidade de Igualdade

Universidade de Vigo

ÍNDICE

1. Introducción	3
2. Datos de participación no Itinerario formativo virtual en xénero.....	4
a. Sexo das persoas participantes	5
b. Vinculación coa universidade	8
3. Valoración de diversos aspectos do itinerario	10
a. Duración das actividades formativas	11
b. Avaliación da utilidade da actividade	11
c. Grao en que cumpriu as expectativas	12
4. Valoración da estrutura do curso MOOC e da plataforma Moovi.....	12
a. Valoración da estrutura do MOOC.....	12
b. Valoración da plataforma Moovi	13
5. Cualificación xeral do itinerario	13
6. Conclusións finais e respostas abertas	14
a. Respostas abertas.....	14
b. Comentarios do alumnado	16

1. Introducción

Na súa décima edición, o [Itinerario formativo virtual en xénero](#) segue enriquecendo a comunidade universitaria coa súa proposta educativa vangardista e multidisciplinar. Este programa é o resultado dunha coidadosa planificación por parte da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo que, xunto coa colaboración de persoal docente experto en materia de xénero, propón un contido formativo relevante e comprometido coa igualdade.

Este itinerario, que se leva a cabo co apoio da Secretaría Xeral de Igualdade e co financiamento específico do Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero, segue garantindo o acceso a unha educación de calidade e pertinente á realidade social. Entre o 12 de febreiro e o 8 de marzo de 2024 ofertáronse 24 cursos en formato virtual, cada un deseñado para proporcionar coñecementos e ferramentas prácticas no campo dos estudos de xénero.

Nesta última entrega, incorporouse un curso titulado [Mulleres e saúde](#) deseñado e impartido polas docentes da Universidade de Vigo Paloma Morán e Diana Valverde. A actualización da oferta evidencia a adaptabilidade e a resposta do itinerario ás demandas actuais, así como o compromiso da Universidade de Vigo con promover unha formación que trate as áreas críticas da igualdade de xénero e o benestar das mulleres na sociedade.



O programa do novo curso inclúe:

Tema 1: Sexo masculino e feminino. Diferenzas biolóxicas entre homes e mulleres.

- 1.1 Sistemas de determinación do sexo
- 1.2 Cromosomas sexuais en humanos: xens desencadeantes do sexo
- 1.3 Desenvolvemento e hormonas sexuais
- 1.4 Os xens do cromosoma X e enfermidades
- 1.5. Epixenética

Tema 2: Androcentrismo en medicina2.1 Papel da muller no desenvolvemento da medicina.

- 2.2 Mirada androcéntrica da medicina.
- 2.3 A invisibilidade feminina.
- 2.4 A muller na medicina.

Tema 3: Incidencia e sintomatoloxía de enfermidades en relación co sexo e o xénero

- 3.1 O sexo como modificador xenético da bioloxía e a enfermidade
- 3.2 Envellecemento
- 3.3 Enfermidades infecciosas
- 3.4 Enfermidades cardíacas

Para divulgar a convocatoria da décima edición do Itinerario formativo virtual en xénero, empregáronse as [canles](#) habituais da Universidade de Vigo. A promoción realizouse a través

de carteis e folletos distribuídos nos centros, dos distintos perfís en redes sociais da Unidade de Igualdade e na [web](#) específica do itinerario, o que permitiu maximizar o alcance e asegurar que a información lle chegase a toda a comunidade universitaria interesada.

Unha vez finalizada a formación, as persoas participantes obtiveron un documento que fai constar as horas dedicadas ao seu desenvolvemento persoal e profesional no ámbito da igualdade de xénero. Ademais, concedéuselles unha insignia dixital, que se puido descargar tras completar a enquisa final de avaliación. Este distintivo serve como recoñecemento do seu compromiso coa formación en igualdade e como unha ferramenta adicional para a súa visibilización e valorización.

2. Datos de participación no Itinerario formativo virtual en xénero

Na 10.ª edición do Itinerario formativo virtual en xénero (IFVX) rexistráronse 803 matrículas, o que reflicte un mantemento do interese por esta formación dentro da comunidade da Universidade de Vigo. A pesar de presentar unha lixeira baixada en comparación coa edición anterior, este número confirma a demanda formativa consolidada.

	Inscripcións	Eficiencia terminal (cursos completados)		
		Mulleres	Homes	Outro
9ª edición	990	476	82	0
10ª edición	803	324	101	2
TOTAL	1 793	800	183	2

E continúa cos bos resultados do itinerario desde o seu inicio.

Edición	1ª	2º	3ª	4ª	5ª	6ª	7ª	8ª	9ª	10ª	TOTAL
Inscripcións	1 257	656	905	284	903	1 900	1 845	1 081	990	803	10 624
Cursos rematados	779	405	799	219	435	595	1 354	621	558	425	6 190

Mantivéronse as 120 prazas por curso e nesta ocasión completáronse 427 cursos dentro do prazo establecido. O rendemento acadado nesta edición amosa unha taxa media de éxito do 53,18 %, o que sinala unha lixeira redución na eficiencia terminal, pero aínda así demostra o compromiso das persoas inscritas coa formación.

CURSOS	Nº de matriculas	Nº de diplomas	%
A comunicación e o xénero	32	14	43,75
A inclusión da perspectiva e a análise de xénero/sexo na investigación e a innovación	30	16	53,33
A perspectiva de xénero na educación	52	30	57,69
A prostitución no marco do capitalismo neoliberal	30	16	53,33
A sustentabilidade da vida no centro. Conciliación e corresponsabilidade	24	12	50
Deconstruír o discurso prehistórico dende o feminismo	20	6	30
Dimensión de xénero nos proxectos I+D+I das TIC	15	7	46,67
Economía de xénero	20	9	45
Educación afectivo-sexual	52	30	57,69
Inclusión da perspectiva de xénero na docencia universitaria	36	21	58,33
Intelixencia artificial e xénero	32	18	56,25
Introdución á perspectiva de xénero	29	11	37,93
Machismo dixital. A manófera	35	23	65,71
Mulleres e ciencia	19	8	42,11
Mulleres e Saúde	72	50	69,44
Normativa básica de xénero	33	16	48,48
Novas masculinidades	28	15	53,57
Novas leis para atallar as violencias machistas	63	32	50,79
O acoso sexual e o acoso en función do sexo: Unha inxustiza invisible	27	7	25,93
O xénero e o sexo no século XXI	25	5	20
Pensar o amor no século XXI	26	14	53,85
Políticas públicas de igualdade	33	20	60,61
Pornografía	39	27	69,23
Tres pensadoras na historia da teoría feminista	31	20	64,52
TOTAL	803	427	53,18


Os datos por curso amosan unha distribución variada no que respecta ao interese e ao éxito das temáticas ofertadas. Mulleres e saúde e Novas leis para atallar as violencias machistas, as dúas últimas incorporacións ao itinerario, foron os cursos con maior número de diplomas expedidos.

A Universidade de Vigo reafirma o seu compromiso de seguir traballando para mellorar estas taxas de éxito e para consolidar o itinerario como ferramenta fundamental na formación en igualdade de xénero, respondendo ás necesidades e aos desafíos da súa comunidade universitaria.

a. Sexo das persoas participantes

Na 10.^a edición do Itinerario formativo virtual en xénero, os datos mostran que, das persoas que completaron os cursos, 324 son mulleres (76,24 %), mentres que 101 son homes (23,72 %). Ademais, rexistrouse un pequeno número de persoas, concretamente 2 (0,47 %), que non se identifican dentro destas categorías.

Sexo das persoas participantes



Continuamos a recoller datos desagregados por sexo para as diferentes accións formativas, o que permite observar tendencias e realizar axustes necesarios na nosa oferta formativa.

CURSOS	MULLERES	HOMES	OUTROS
A comunicación e o xénero	10	4	0
A inclusión da perspectiva e a análise de xénero/sexo na investigación e a innovación	12	4	0
A perspectiva de xénero na educación	23	6	1
A prostitución no marco do capitalismo neoliberal	12	4	0
A sustentabilidade da vida no centro. Conciliación e corresponsabilidade	9	3	0
Deconstruír o discurso prehistórico dende o feminismo	6	0	0
Dimensión de xénero nos proxectos I+D+I das TIC	2	5	0
Economía de xénero	7	2	0
Educación afectivo-sexual	25	5	0
Inclusión da perspectiva de xénero na docencia universitaria	16	5	0
Intelixencia artificial e xénero	10	7	1
Introdución á perspectiva de xénero	8	3	0
Machismo dixital. A manófera	19	4	0
Mulleres e ciencia	7	1	0
Mulleres e Saúde	41	9	0
Normativa básica de xénero	9	7	0
Novas masculinidades	8	7	0
Novas leis para atallar as violencias machistas	24	8	0
O acoso sexual e o acoso en función do sexo: Unha inxustiza invisible	7	0	0
O xénero e o sexo no século XXI	2	3	0
Pensar o amor no século XXI	10	4	0
Políticas públicas de igualdade	18	2	0
Pornografía	24	3	0
Tres pensadoras na historia da teoría feminista	15	5	0
TOTAL	324	101	2

Observamos que na participación nos cursos seguen a predominar as mulleres, o que está en liña coas tendencias das edicións pasadas. Non obstante, notamos un incremento na participación masculina cando a comparamos coa edición anterior (497 mulleres e 86 homes), o que resalta un lixeiro aumento neste senso.

Reiteramos o compromiso de intensificar os esforzos para captar un espectro máis amplo e diverso de persoas participantes nos cursos de formación en xénero. Entendemos a importancia de aumentar a implicación de todos os sectores da comunidade universitaria na nosa oferta formativa e de superar as barreiras de xénero.

A nosa oferta formativa, deseñada para ser flexible e permitir o avance segundo as necesidades individuais, demostrou ser unha ferramenta valiosa que atrae unha ampla gama de persoas que pertencen á comunidade educativa, promovendo o desenvolvemento de competencias profesionais e a excelencia académica. Temos o compromiso de seguir mellorando e adaptando os nosos programas para atender eficazmente ás expectativas e aos intereses variados da nosa comunidade estudiantil e profesional.


b. Vinculación coa universidade

Na análise da relación coa Universidade de Vigo nesta 10.ª edición do itinerario, podemos observar a seguinte distribución por grupos vinculados á universidade: o alumnado segue sendo o grupo máis numeroso, cun 39,81 % das persoas participantes, seguido polas persoas con outra vinculación, que representan o 33,26 %. O persoal docente e investigador (PDI) compón o 15,93 % das persoas participantes, mentres que o persoal técnico, de xestión, e administración e de servizos (PTXAS) representa o 11,01 %.

En canto á distribución por xénero, temos que:

- Entre o PDI, 56 das 68 persoas participantes son mulleres (82,35 %) e os 12 restantes son homes (17,65 %).
- No grupo do PTXAS, hai 31 mulleres (65,96 %) e 16 homes (34,04 %).
- O alumnado conta con 121 mulleres (71,18 %), 47 homes (27,65 %) e dúas persoas que se identifican como outro (1,18 %).
- Entre as persoas con outra vinculación á universidade, hai 115 mulleres (80,99 %) e 27 homes (19,01 %).

Estes datos evidencian a diversidade na participación dos distintos grupos e amosan a necesidade de seguir traballando para alcanzar unha maior equidade e inclusión en todas as áreas da formación en xénero.



Informe de resultados das enquisas de avaliación do Itinerario formativo virtual de xénero (10.ª edición)

	PDI	PAS	ALUMNADO	OUTRA VINCULACIÓN
MULLERES	56	31	121	115
HOMES	12	16	47	27
OUTRO	0	0	2	0
TOTAL	68	47	170	142

As seguintes táboas mostran os datos diferenciados por sexo das persoas participantes en relación coa Universidade de Vigo en cada un dos distintos cursos desta edición do itinerario.

CURSOS	PDI			PAS		
	Mulleres	Homes	Outra Categoría	Mulleres	Homes	Outra Categoría
A comunicación e o xénero	3	0	0	0	1	0
A inclusión da perspectiva e a análise de xénero/sexo na investigación e a innovación	5	3	0	2	0	0
A perspectiva de xénero na educación	4	2	0	1	0	0
A prostitución no marco do capitalismo neoliberal	0	0	0	2	1	0
A sustentabilidade da vida no centro. Conciliación e corresponsabilidade	1	0	0	0	1	0
Deconstruír o discurso prehistórico dende o feminismo	2	0	0	1	0	0
Dimensión de xénero nos proxectos I+D+i das TIC	0	1	0	1	0	0
Economía de xénero	1	0	0	0	1	0
Educación afectivo-sexual	0	0	0	0	1	0
Inclusión da perspectiva de xénero na docencia universitaria	9	2	0	1	0	0
Intelixencia artificial e xénero	1	1	0	2	1	0
Introdución á perspectiva de xénero	3	0	0	1	0	0
Machismo dixital. A manófera	2	0	0	4	0	0
Mulleres e ciencia	2	0	0	2	1	0
Mulleres e Saúde	11	1	0	5	3	0
Normativa básica de xénero	1	1	0	0	1	0
Novas leis para atallar as violencias machistas	3	1	0	1	1	0
Novas masculinidades	4	0	0	0	1	0
O acoso sexual e o acoso en función do sexo: Unha inxustiza invisible	0	0	0	1	0	0
O xénero e o sexo no século XXI	0	0	0	0	0	0
Pensar o amor no século XXI	0	0	0	0	0	0
Políticas públicas de igualdade	2	0	0	1	0	0
Pornografía	2	0	0	2	1	0
Tres pensadoras na historia da teoría feminista	0	0	0	4	2	0
TOTAL	56	12	0	31	16	0

CURSOS	ALUMNADO			OUTRA VINCULACIÓN		
	Mulleres	Homes	Outra Categoría	Mulleres	Homes	Outra Categoría
A comunicación e o xénero	4	1	0	3	2	0
A inclusión da perspectiva e a análise de xénero/sexo na investigación e a innovación	3	1	0	2	0	0
A perspectiva de xénero na educación	10	2	1	8	2	0
A prostitución no marco do capitalismo neoliberal	7	3	0	3	0	0
A sustentabilidade da vida no centro. Conciliación e corresponsabilidade	5	2	0	3	0	0
Deconstruír o discurso prehistórico dende o feminismo	2	0	0	1	0	0
Dimensión de xénero nos proxectos I+D+I das TIC	1	3	0	0	1	0
Economía de xénero	3	1	0	3	0	0
Educación afectivo-sexual	12	2	0	13	2	0
Inclusión da perspectiva de xénero na docencia universitaria	4	1	0	2	2	0
Intelixencia artificial e xénero	6	2	1	1	3	0
Introdución á perspectiva de xénero	1	2	0	3	1	0
Machismo dixital. A mansfera	3	4	0	10	0	0
Mulleres e ciencia	1	0	0	2	0	0
Mulleres e Saúde	14	4	0	11	1	0
Normativa básica de xénero	2	2	0	6	3	0
Novas leis para atallar as violencias machistas	8	4	0	12	2	0
Novas masculinidades	2	4	0	2	2	0
O acoso sexual e o acoso en función do sexo: Unha inxustiza invisible	3	0	0	3	0	0
O xénero e o sexo no século XXI	2	1	0	0	2	0
Pensar o amor no século XXI	7	2	0	3	2	0
Políticas públicas de igualdade	7	1	0	8	1	0
Pornografía	10	2	0	9	1	0
Tres pensadoras na historia da teoría feminista	4	3	0	7	0	0
TOTAL	121	47	2	115	27	0

3. Valoración de diversos aspectos do itinerario



Recolléronse as percepcións e as valoracións das persoas participantes no Itinerario formativo virtual de xénero a través dunha enquisa de avaliación completada ao finalizar os cursos. Esta enquisa é un requisito para obter o kit dixital do selo distintivo «Eu teño formación en igualdade».

As persoas participantes valoraron distintos aspectos da oferta formativa: a duración dos cursos, a súa utilidade, o grao en que se cumpriron as expectativas iniciais, o deseño e a estrutura dos cursos en formato MOOC, a experiencia de uso da plataforma Moovi ou a súa impresión global do curso. As opcións de resposta oscilaban entre «moi ben» e «moi mal» para cada aspecto, o que reflicte un abano de percepcións.

	Moi ben	Ben	Regular	Mal	Moi Mal
Duración da actividade	281	99	39	5	3
Utilidade do curso	276	111	32	5	3
Grao en que cumpriu as súas expectativas	262	109	43	9	4
O curso está deseñado para a docencia en liña autónoma (tipo MOOC). Paréceche correcta a súa estrutura?	304	93	27	2	1
O curso desenvolveuse na plataforma Moovi. Como a calificarías?	308	95	21	3	0
En conxunto, como calificarías o curso	245	159	19	2	2

Os resultados xerais da avaliación mostran unha alta satisfacción entre as persoas participantes, o que indica unha recepción favorable das metodoloxías e dos contidos ofertados.

a. Duración das actividades formativas

Moi ben	281	66%
Ben	99	23%
Regular	39	9%
Mal	5	1%
Moi mal	3	1%

Na última edición do itinerario, a valoración da duración das actividades formativas por parte das persoas participantes continuou sendo positiva. O 66 % das valoracións sobre a duración foi «moi ben», o que, xunto co 23 % que consideraron que foi «ben», resulta nun 89 % de satisfacción coa duración dos cursos.

Aínda que se percibe unha lixeira baixada comparada co 92,89 % da edición previa, estes resultados son un indicativo do acerto no axuste da extensión dos cursos, tanto en horas previstas de dedicación coma no tempo dispoñible para completalos. Estes datos reafirman o noso compromiso de ofrecer unha formación accesible e adaptable aos ritmos das persoas participantes, procurando sempre mellorar e responder ás súas necesidades.

b. Avaliación da utilidade da actividade

Moi ben	276	64,64%
Ben	111	26,00%
Regular	32	7,49%
Mal	5	1,17%
Moi mal	3	0,70%

A percepción da utilidade dos cursos no itinerario formativo tivo unha acollida moi positiva na última edición. O 64,64 % das persoas participantes valoraron a utilidade dos cursos como «moi ben» e o 26 % como «ben», o que suma un 90,64 % de valoracións positivas na utilidade percibida. Estes números reflicten o noso compromiso por proporcionar unha formación relevante e efectiva, que non só cumpra cos requisitos académicos e profesionais, senón que tamén contribúa activamente á redución das disparidades de xénero.

c. Grao en que cumpriu as expectativas

Moi ben	262	61,36%
Ben	109	25,53%
Regular	43	10,07%
Mal	9	2,11%
Moi mal	4	0,94%

En canto ao cumprimento das expectativas das persoas participantes, os resultados foron igualmente alentadores. O 61,36 % considerou que os cursos cumpriron «moi ben» as súas expectativas e un 25,53 % sentiu que foron «ben», o que indica unha satisfacción xeral do 86,89 %. Estes resultados son o testemuño da calidade e relevancia dos nosos programas formativos, e motívanos a continuar traballando para atender e superar as expectativas do estudantado e profesionais en futuras edicións.

4. Valoración da estrutura do curso MOOC e da plataforma Moovi

a. Valoración da estrutura do MOOC

Moi ben	304	71,19%
Ben	93	21,78%
Regular	27	6,32%
Mal	2	0,47%
Moi mal	1	0,23%

Na valoración da estrutura deste MOOC na última edición, o 71,19 % das persoas participantes opinaron que era «moi ben», mentres que o 21,78 % deu unha valoración de «ben». Ao sumar estas porcentaxes, temos un 92,97 % de opinións positivas respecto á estrutura dos nosos cursos MOOC. A pesar de non alcanzar a alta porcentaxe da edición anterior, estas cifras seguen mostrando unha percepción moi favorable da nosa proposta educativa en liña e sinalan a efectividade das melloras implementadas na estrutura dos cursos.

b. Valoración da plataforma Moovi

Moi ben	308	72,13%
Ben	95	22,25%
Regular	21	4,92%
Mal	3	0,70%
Moi mal	0	0,00%

Canto á plataforma Moovi, as valoracións positivas alcanzaron o 72,13 % en «moi ben» e o 22,25 % en «ben», o que reflicte un 94,38 % de satisfacción coa calidade da plataforma. Este resultado é un testemuño do noso compromiso por ofrecer unha experiencia de usuaria e usuario optimizada, e confirma que as melloras realizadas foron efectivas e ben acollidas pola nosa comunidade.

5. Cualificación xeral do itinerario

Moi ben	245	57,38%
Ben	159	37,24%
Regular	19	4,45%
Mal	2	0,47%
Moi mal	2	0,47%

A valoración xeral da última edición do Itinerario formativo virtual en xénero mostrou unha alta satisfacción entre as persoas participantes. O 57,38 % considerou a experiencia como «moi ben» e cando engadimos o 37,24 % que opinou que foi «ben» alcanzamos un total do 94,62 % de satisfacción, o que indica unha lixeira mellora respecto ao 94,49 % da edición anterior.

Este resultado sinala unha apreciación xeral altamente positiva do noso itinerario e unha recepción entusiasta do noso compromiso por ofrecer unha experiencia educativa de calidade. Aínda que a maioría das persoas participantes expresou unha gran satisfacción,

somos conscientes de que sempre hai oportunidades para mellorar. Seguiremos traballando para afinar e enriquecer a nosa oferta educativa, asegurando que cumprimos e superamos as expectativas de todas as persoas que toman parte no noso programa.

6. Conclusións finais e respostas abertas

Dende a Unidade de Igualdade, celebramos o impacto sostido e a relevancia do Itinerario formativo virtual en xénero, que se mantén nesta décima edición. Aínda que se rexistrou unha variación nas matrículas en comparación coa edición pasada, a taxa de finalización e as valoracións positivas recibidas reafirman o interese coa formación da nosa comunidade universitaria.

A acollida da plataforma Moovi e a estrutura dos MOOC nesta edición foi especialmente positiva, xa que superou as expectativas e mellorou as valoracións da edición previa. Isto confirma a eficacia do noso enfoque para proporcionar unha experiencia educativa de calidade, accesible e afinada ás necesidades da comunidade.

Nesta edición, constatamos un aumento na participación masculina, o que reflicte unha tendencia positiva cara a un maior equilibrio. Este fenómeno reflicte a relevancia que a formación en xénero está a adquirir entre o colectivo masculino e a súa crecente conciencia da importancia de involucrarse nestas áreas de estudo.

As respostas obtidas nas enquisas de avaliación indican unha percepción extremadamente positiva do itinerario. As persoas participantes valoraron moi positivamente a relevancia dos contidos, mostráronse satisfeitas coa duración dos cursos e confirmaron que as súas expectativas foron amplamente cumpridas. Aínda así, tomamos nota de que sempre existe a posibilidade de mellorar, particularmente na xestión das expectativas e na comunicación efectiva coa comunidade educativa.

En conclusión, a Unidade de Igualdade asume o compromiso de continuar a adaptación do itinerario ás necesidades cambiantes e aos intereses da nosa comunidade universitaria. Así, o Itinerario formativo virtual en xénero da Universidade de Vigo mantense como un baluarte esencial na promoción e no avance da igualdade de xénero na educación superior, ademais de reforzar o seu liderado neste ámbito vital para desenvolver unha sociedade máis xusta e equitativa.

a. Respostas abertas

Nas respostas abertas atopamos comentarios sobre os cursos concretos, sobre o itinerario en xeral e sobre o seu interese e necesidade para completar a formación académica e habilitarse profesionalmente de forma máis completa. Tamén atopamos referencias a docentes, que

valoran a súa forma de tratar o curso. É habitual, entre os comentarios escritos, que se solicite maior profundidade nos temas tratados e a continuación dos cursos.

Atopei verdadeiramente interesante este curso, por riba das miñas expectativas. As miñas felicitacións á docente pola calidade das presentacións e a documentación do curso.

Gústame moito o formato en PDF descargable, posto que me permite empregalo en formacións nas que actúo como docente como partes dunha actividade. Agradezo moito tamén as bibliografías e os recursos que se achegan ao finalizar un tema porque me permiten acceder a máis contidos se desexo profundar máis.

Gustoume a novidade do tema, xa que se descoñece moito sobre esta temática na sociedade; en xeral hai pouca información. A temática e o material entregados son moi bos, con referencias interesantes.

Nunca está de máis aprender sobre o noso propio corpo, e visibilizar a pouca visibilización que se lles deu a estes temas tan importantes ata agora, para intentar que cambie algo e vernos máis reflectidas de forma real na sanidade.

Os materiais achegados pareceróntame moi completos, con moitas referencias e que recolle moi ben a complexidade do tema. Percíbese o traballo que hai detrás do material, así como do material audiovisual. Pareceume moi positivo que fose algo extenso para poder adquirir un maior coñecemento da materia.

A través do curso conseguín aclarar conceptos relacionados coa normativa en materia de violencia de xénero e a súa normativa, que os medios presentan de forma tendenciosa ou moi pouco clara e demasiado politizadas.

Valoro de forma positiva a inquietude por difundir información e poñer en evidencia o androcentrismo e os efectos negativos na saúde das mulleres.

O contido é de fácil comprensión, a forma de avaliación é clara e o curso convida a reflexionar sobre cuestións sobre as que non sempre reparamos suficientemente. O feito de que o ensino sexa en modalidade asíncrona facilita a autoxestión.

b. Comentarios do alumnado

Tamén se habilita un apartado para que as persoas que completan algún dos cursos do itinerario poidan facer achegas sobre temas que lles parezan de interese para incorporar en novas accións formativas.

- Continuar ofertando formación relacionada coa perspectiva de xénero na educación: coas familias, coa relación escola-comunidade, co profesorado...
- Tratar a lexislación sobre violencias machistas no ámbito da comunidade de Galicia ou no ámbito das entidades locais que deben ter relevancia pola proximidade á cidadanía.
- Redes sociais e xénero.
- En relación coa temática da saúde, sería interesante un tema específico sobre a saúde reprodutiva e sexual das mulleres.
- Debe tratarse o tema da corresponsabilidade como chave para a plena inclusión da muller no ámbito laboral.
- O machismo na adolescencia.
- Gustaríame escoitar profesorado experto na área de dereito civil sobre as categorías legais de sexo e xénero.
- Educación sexual na infancia.
- Críticas construtivas ao feminismo branco.
- Proposta docente: Amelia Tiganus.